



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

##### Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 - IC) - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO AUTORIZADA POLO ART 217 DO REAL DECRETO LEI 5/2023, DO 28 DE XUÑO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

*“A Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 (apartado IC), aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, autorizada polo artigo 217“Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño.*

*O artigo 217“Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, autoriza unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade,*

*A disposición adicional 8ª da Lei 20/2021 indica: “Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluirán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”.*

*A Oferta cumpre o establecido no parágrafo terceiro da RD-Lei 5/2023 art 217 parágrafo terceiro que sinala:“As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023 (...)”*

*O número de prazas desta taxa adicional segundo o sinalado no art. 217 do RD-Lei 5/2023 será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal ao 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.*

*Para executar este apartado da Oferta de emprego, débense aprobar as convocatorias, bases xerais e bases específicas de cada un dos procesos selectivos afectados polo sinalado na Disposición Adicional 8ª, debendo rematar os procesos selectivos con anterioridade ao 31.12.2024 para cumprimento do sinalado na Lei 20/2021.*

*Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 9.11.2023 por unanimidade no que respecta as prazas afectadas pola DA8ª.*

As bases xerais quere regularán os aspectos comúns dos procesos selectivos aos que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, sendo complementadas polas bases específicas que se aproben para cada unha das convocatorias, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) *Garanten os principios constitucionais sinalados no Art. 91.2 da LRBRL: “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria(...), nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”; Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); e no artigo 2.4 da Lei 20/2021: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.*

2) *Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o sinalado para os procesos de estabilización aos que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, por remisión expresa ao reflectido na DA6ª.*

3) *Seguen as recomendación da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021.*

4) *Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 9.11.2023 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a DA8ª*

*Á vista do antedito propónse á Xunta de Goberno para cumprimento do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que ACORDE:*

1º.- *Aprobar as bases xerais que regularán, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso a prazas de funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 – apartado a) PRAZAS DE ACCESO LIBRE; IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), sistema de concurso.*

2º.- *Ordenar a publicación das presentes bases xerais no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021 AUTORIZADA POLO ART. 217 DO RD-L 5/2023 DE 28 DE XUÑO), COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

## **1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES XERAIS**

É obxecto das presentes bases xerais regular os aspectos comúns dos procesos selectivos excepcionais de estabilización que convoque a Deputación de Lugo, para a selección de persoal funcionario de carreira, aos que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o Real Decreto-Lei 5/2023 de 28 de xuño, na Deputación de Lugo, incluídos no apartado IC) da Oferta de Emprego Público (OEP) publicada no BOP núm. 298, do 30.12.2023 e corrección de erros publicada no BOP núm. 15, do 18.01.2024, modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo número 165 de 17.07.2024.

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

## **2. NORMAS DE APLICACIÓN**

Os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021 autorizados polo artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño, rexeranse por estas bases xerais, polas correspondentes bases específicas e convocatorias. No non regulado nas mesmas estarase ao disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultarán de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para a ámbito local) da Lei 20/2021.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020).
- Acordo marco único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDPCP).

### 3. CONVOCATORIA

A Xunta de Goberno, adoptará acordo aprobando as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, as bases xerais e as bases específicas que regularán os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 – IC) taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade, sistema de concurso.

A convocatoria, as bases xerais e as bases específicas, publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo, na web corporativa da Deputación de Lugo (no apartado Emprego Público – RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade, enviándose extracto da convocatoria e das bases ao *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e ao *Boletín Oficial do Estado* (BOE).

O resto de actuacións competencia do órgano convocante ou dos Tribunais publicaranse na páxina web corporativa da Deputación de Lugo (no apartado Emprego Público – RRHH)

### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas aos procesos selectivos, será necesario cumprir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos xerais que se indican a continuación, ademais dos que se determinen nas bases específicas de cada convocatoria e conservalos durante o procedemento de selección ata o acordo polo que se resolva definitivamente.

Requisitos xerais sinalados no art. 56 do TREBEP:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no art. 57 do TREBEP.

- Ser cidadá/n da Unión Europea ou cónxuxe seu, sempre que non estean separados/as de dereito, así como os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un (21) anos ou maiores dependentes.

- Estar incluído/a no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas das prazas/postos que se convocan.

c) Ter cumpridos dezaseis (16) anos e non alcanzar a idade de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en

situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida na base específica 5.1 correspondente ás prazas que se convocan ou estar en condicións de obtela na data na que remate o prazo de presentación de instancias. As persoas aspirantes con titulación obtida no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Nivel de galego (determinado na base específica 5.2). Este requisito, de non cumprirse será substituído pola realización da proba que se determina na base xeral 9.

g) Cando se convoquen prazas incluídas na cota de persoas con discapacidade, as persoas aspirantes que concorran, deberán ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Se durante o proceso selectivo a mesma desaparecese ou diminúise, quedando por debaixo da porcentaxe sinalada, procederase de oficio a realizar o cambio á cota xeral.

h) Abonar a taxa correspondente para participar no proceso selectivo.

## **5. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN - MODELO, LUGAR, FORMA DE PRESENTACIÓN, PRAZO E DOCUMENTOS A PRESENTAR**

Para participar nos procesos selectivos teranse que realizar as seguintes actuacións tendo en conta que:

-Se deberá presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que se queira participar.

-Se deberán relacionar os méritos na solicitude así como incorporar as acreditacións documentais dos mesmos.

-Cando se solicite adaptación das probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberase indicar expresamente na solicitude.

### **5.1. Lugar, forma de presentación e modelo de solicitude (MO5)**

Presentación telemática. A través da sede electrónica da Deputación de Lugo, catálogo de servizos – Recursos Humanos - Oferta de Emprego; Alta de solicitude; identificarse co certificado electrónico - escoller no despregable – MO5 estabilización DA8ª Lei 20/2021–concurso-; premer na praza do proceso selectivo no que desexa participar; cumprimentar os campos que se indican; relacionar os méritos que se queren facer constar; asinar e presentar a solicitude na que declarará, baixo a súa responsabilidade, que reúne todas as condicións esixidas nas bases xerais e específicas que rexen a convocatoria, con anterioridade á data de remate do prazo presentación de instancias.

Presentación presencial no rexistro xeral da Deputación Provincial. Cumprimentar o modelo de solicitude (MO5) que figura como anexo destas bases (dispoñible en formato papel nas oficinas de atención ao cidadán e en formato editable na páxina web [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) - Emprego Público - RRHH/procesos selectivos/oferta de emprego estabilización DA8ª Lei 20/2021; Relacionar os méritos que se queren facer constar e asinar; Presentar a solicitude xunto cos documentos orixinais que se relacionan na base xeral 5.2, dos que se realizará copia electrónica auténtica para proceder ao rexistro.

Presentación en calquera outro lugar dos sinalados no art. 16.4 da LPACAP, tendo en conta que os documentos que se incorporen á solicitude deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica.

### **5.2. Documentos a incorporar coa solicitude:**

a) Acreditación documental dos méritos relacionados na solicitude tal e como se indica para cada apartado do Baremo na base xeral 10, tendo en conta que deberán presentar copia auténtica .

b) Titulación académica oficial esixida na base específica 5.1 da convocatoria correspondente.

c) Outros requisitos que no seu caso se esixan na base específica 5.3.

d) Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.

e) Nivel de galego esixido na base específica 5.2 (ao obxecto de non realizar a proba de galego).

f) Acreditación do pago da taxa de participación en procedementos selectivos base xeral 5.4. No suposto de pagar taxa reducida deberá achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

### **g) PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

Para participar na cota de reserva para persoas con discapacidade, no seu caso, deberán incorporar a certificación de discapacidade igual ou superior ao 33%.

No caso de solicitar adaptación de probas presentarase a maiores o Certificado de medidas de adaptación para realizar as probas expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.

Excepcións: As persoas aspirantes que estean prestando servizos na Entidade non terán que presentar os documentos que acreditar os méritos que figuren no seu expediente formativo nin a certificación que acredite a experiencia na Deputación Provincial de Lugo. Estes documentos incorporaranse de oficio á solicitude de participación. Si será necesario que estas persoas presenten a súa vida laboral actualizada e a xustificación do resto de requisitos non exceptuados.

### **5.3. Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *BOE*.

### **5.4. Taxa de participación en procesos selectivos**

A contía da taxa será de 15 € ou 3,75 € se se presenta certificación do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de persoa desempregada xunto coa certificación de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

Forma de pagamento: en efectivo nas oficinas da Tesourería da Deputación de Lugo, mediante xiro postal ou mediante transferencia bancaria á conta número ES04-2080-0163-8531-1000-0423 de Abanca, indicando o nome da persoa aspirante e a praza á que opta.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento substituirá á obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídas definitivamente as persoas que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

#### **5.4.1. Consecuencias de non aboar a taxa.**

As persoas aspirantes que non abonen a taxa dentro do prazo de presentación de instancias, serán excluídas da listaxe de persoas admitidas.

#### **5.4.2. Devolución da taxa aboada ás persoas aspirantes.**

Para proceder á devolución da taxa ás persoas que o soliciten, deberán figurar como excluídas na listaxe definitiva.

Non procederá a devolución do importe aboado nos supostos de renuncia a participar no proceso selectivo das persoas aspirantes admitidas.

### **5.5. Erros nas solicitudes.**

Os erros de feito que se puidesen advertir, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

### **5.6. Defectos das solicitudes.**

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante. No caso de que algunha persoa presente máis dunha solicitude só se considerará válida a presentada en último lugar.

## **6. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**

### **6.1. Listaxe provisional**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a presidencia da Deputación ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelido, o número do Documento Nacional de Identidade anonimizado, (disposición adicional sétima da LPDCPL) e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

Esta resolución publicarase no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - Recursos Humanos) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

#### **6.1.1 Período de alegacións á listaxe provisional**

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións.

### **6.2 Listaxe definitiva**

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade a través dunha nova resolución coa lista completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que se deberá publicar nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

### **6.2.1 Recursos contra a listaxe definitiva.**

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia da Entidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

## **7. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

### **7.1. Designación e composición.**

O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente) e será nomeado pola presidencia da Deputación Provincial, publicándose a resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Composición:

Presidencia: a persoa que desempeñe o posto de xefatura de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo, ou persoa funcionaria que a substitúa.

Secretaría: a persoa que exerza a secretaría xeral da Corporación, ou persoa funcionaria que a substitúa.

Vogais: tres persoas técnicas ou expertas.

A composición acomodarse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/ ou persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Estará composto por persoal funcionario de carreira, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

### **7.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.**

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e/ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

### **7.3. Abstención e recusación.**

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á presidencia, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995.

A presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, asesores e colaboradores, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias prevista no artigo 23.2 da LRXSP nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da LRXSP.

A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

### **7.4. Constitución do Tribunal.**

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

A citación ao Tribunal para a súa constitucións incluírase na resolución pola que se lles cita para a realización da proba de galego.

### **7.5. Actuación do Tribunal.**

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización da proba de galego, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a Presidencia ou a Secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que a proba de galego se corrixa sen coñecer a identidade das persoas aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O Tribunal, no suposto de solicitar adaptación de probas persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, valorará esta solicitude e, no caso de considerala axeitada, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias segundo o sinalado na orde PRE 1822/2006 de 9 de xuño. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vaia realizar, segundo se recolle no RD 2271/2004 de 3 de decembro.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola LPACAP.

#### **7.6. Indemnizacións.**

As persoas que formen parte do Tribunal cualificador, así como persoal asesor e/ou colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias, gastos de locomoción e manutención, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

### **8. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO**

O sistema de selección será o de concurso, segundo o establecido na Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

### **9. PROBA DE GALEGO**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica 5.2, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPG, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica 5.2.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

#### **9.1.1. Citación.**

A resolución da presidencia da Deputación de Lugo pola que se cita ao Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditan o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) para a realización da proba de galego publicarase no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade, garantíndose unha antelación mínima de 15 días.

#### **9.1.2. Chamamentos.**

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal Cualificador, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan.

O Tribunal cualificador decidirá en cada caso, con fundamento na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben realizalo/a noutra data, ou ámbalas medidas conxuntamente.

Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do Tribunal nesta cuestión, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

#### **9.1.3. Identificación.**

As persoas aspirantes citadas, deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento identificador oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

#### 9.1.4. Anonimato.

Para garantir o anonimato empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre lacrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

O Tribunal anulará aquelas probas nas que figuren elementos (marcas, sinaturas, utilización de bolígrafos diferentes aos que se entregan...) que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, excluíndoas definitivamente do proceso selectivo.

#### 9.1.5. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vaia realizar, segundo se recolle no RD 2271/2004 de 3 de decembro. O Tribunal deberá proceder a outorgar as adaptacións de forma expresa en canto ao tempo e/ou medios de realización da proba de galego a aquelas persoas con discapacidade que o soliciten, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con iso non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou menoscabe o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, do 9 de xuño e no RD 2271/2004 de 3 de decembro.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala da praza/posto á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

#### 9.1.6. Criterios de corrección

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización.

#### 9.1.7. Publicación e alegacións

Os resultados faranse públicos na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na web corporativa da Deputación de Lugo - (apartado Emprego Público - RRHH).

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

### 10. BAREMO DE MÉRITOS

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron documentalmente o nivel de galego esixido ou superaron a proba de galego.

A puntuación máxima do concurso será de 50 puntos establecéndose unha puntuación mínima de 15 puntos para superar o proceso.

As persoas participantes nos procesos selectivos aos que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que se desenvolvan de acordo con estas bases que non superen o proceso non xerarán dereito a ser incluído nas listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo.

#### 10.1. Criterios de Valoración:

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmente tal e como se indica en cada un dos apartados do Baremo.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

#### 10.2. Méritos a valorar:

##### A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de 30 puntos (60%).

##### A)1 Criterios de Valoración da experiencia profesional:

Valorarase a experiencia profesional adquirida nas Administracións Públicas definidas no art. 2.3 da LRXSP como persoal funcionario ou laboral segundo a puntuación fixada para cada un dos distintos supostos no cadro A)2.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.



O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda conforme se sinala no cadro do apartado A)2.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no informe de vida laboral.

#### A)2 Cadro de valoración da experiencia profesional:

APARTADO	ADMINISTRACIÓN	PUNTUACIÓN (POR CADA 30 DÍAS DE SERVICIOS)	
		mesma praza/posto/emprego que se convoca (idéntica denominación e mesma función), cun máximo de 30 puntos	noutras prazas, postos ou empregos, cun máximo de 10 puntos
A) 2.1	DEPUTACIÓN DE LUGO	0,50	0,20
A) 2.2	NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS	0,35	0,15
A) 2.3	NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	0,25	0,10

#### A)3 Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizado e certificación da secretaria da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa Entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados e, no seu caso, a xornada realizada.

#### B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado é de 20 puntos (40%).

##### B)1 Criterios de valoración da formación:

Valorarase a formación que cumpra os seguintes requisitos:

- Directamente relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza/posto que se convoca.
- Adquirida a través de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos ou similares.
- Impartida dentro dos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), das Escolas oficiais de formación similares do Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local, nas universidades públicas ou privadas; as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das Administracións Públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.
- Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.
- Realizada nos 15 anos anteriores á data de remate de presentación de solicitudes.

Non se valorará:

- A formación considerada transversal (lingua galega, prevención, igualdade, protección de datos, atención cidadá, ofimática...) que achega coñecementos que poden ter interese para calquera posto na administración pero non formación específica relacionada directamente coas tarefas a realizar. Excepcionalmente, cando as materias transversais, sexan necesarias e específicas e relacionadas directamente co contido funcional do posto si poderán puntuarse.
- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de accións formativas.
- Materias que formen parte de cursos/másteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo.

A criterio do Tribunal:

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntualas todas, motivando a decisión que se adopte.

#### B)2 Cadro de valoración da formación

APARTADO	FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA (ÚLTIMOS 15 ANOS)
B) 2.1	Asistencia	0,05
B) 2.2	Aproveitamento	0,10
B) 2.3	Impartición	0,15

#### B)3 Forma de acreditar a formación

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, o contido, o número de horas (no suposto de ser créditos deberá constar a súa equivalencia en horas), determinación de se é de asistencia, aproveitamento ou impartición, a entidade que organiza e a data de remate da acción formativa.

#### 10.3. Publicación e Período de alegacións

O resultado do concurso publicarase na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados do baremo de méritos na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH), para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

#### 11. CUALIFICACIÓN FINAL E LISTAXE DE ASPIRANTES QUE SUPERAN A PUNTUACIÓN MÍNIMA.

O Tribunal fixará a cualificación final que virá determinada polo resultado do concurso.

A continuación elaborárase unha listaxe coas persoas aspirantes que alcanzan ou superan a puntuación mínima fixada para superar o Concurso (15 puntos), ordenada de maior a menor puntuación, quedando o resto eliminadas do procedemento selectivo.

##### 11.1. Resolución dos empates.

En caso de empates acudirase aos seguintes criterios, ata que se resolvan:

1º.- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos, no apartado EXPERIENCIA PROFESIONAL A) 2.1.

2º.- Maior tempo de servizos temporais aos que se refire a Lei 20/2021 (DA8ª, acreditados e valorados polo Tribunal no apartado A) 2.1 do baremo de méritos na mesma praza/posto/emprego que a convocada.

3º.- Maior puntuación (tendo en conta a puntuación máxima) obtida no baremo de méritos no apartado B) FORMACIÓN.

4º.- Maior número de horas formativas acreditadas e valoradas polo Tribunal no apartado FORMACIÓN B) 2.2.

5º.- Maior idade do aspirante.

#### 12. RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

##### 12.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.

O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando a proposta de nomeamento.

Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación.

## 12.2. Publicación

As cualificacións finais e a listaxe de persoas que alcancen ou superen a puntuación mínima esixida para superar o concurso, a proposta de nomeamento así como a proposta das persoas non seleccionadas para asegurar a cobertura da/s vacante/s serán publicadas na web corporativa da Deputación de Lugo, (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

## 13. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

As persoas aspirantes propostas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa orixinal ou copia auténtica que acredite os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, que non fosen acreditados coa solicitude de participación:

- Documento nacional de Identidade ou calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do TREBEP.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Certificación de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- Acreditación de non ter sido separado/a do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na base xeral 4; e non estar incurso/a en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Titulación académica oficial esixida na base específica 5.1 ou os dereitos aboados para obtela.
- Tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- Demais requisitos que se esixan, no seu caso, na base específica 5.3.
- No caso de persoas aspirantes a prazas de cota reservada a persoas con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá acreditarse tal condición mediante certificación expedida polo órgano competente da administración correspondente. Así mesmo, a Deputación de Lugo requirirá respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade co desempeño das correspondentes funcións da praza para a que resulten seleccionadas.

Se as persoas aspirantes seleccionadas tivesen a condición de persoal funcionario de carreira, estarán exentas de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditadas para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso presentarán certificación do Organismo do que dependan, na que se acredite a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

### 13.1. Prazo de presentación.

As persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de nomeamento do Tribunal na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado emprego público -RRHH.

### 13.2. Lugar de presentación.

Nos mesmos lugares que os sinalados na base xeral 5.1.

### 13.3. Falta de presentación de documentos.

As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou cando do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados/as, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta coa relación complementaria das persoas aspirantes que seguen á proposta á que se refire a base xeral 12.1.

## 14. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO

### 14.1. Órgano competente.

A presidencia da entidade formulará proposta á Xunta de Goberno para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal, que acreditasen os requisitos esixidos na convocatoria, propoñendo o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda.

### 14.2. Publicación.

O acordo da Xunta de Goberno deberá publicarse no BOP, na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, apartado emprego público - RRHH e no taboleiro de anuncios da Entidade.

## 15. TOMA DE POSESIÓN

### 15.1. Prazo.

A toma de posesión das persoas incluídas no acordo da Xunta de Goberno para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP.

### 15.2. Falta de toma de posesión.

Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non tomase posesión dentro do prazo sinalado.

Neste caso tamén entrará en xogo a proposta complementaria á que se refire a base xeral 12.1.

### 15.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión.

## 16. INFORMACIÓN Á XUNTA DE PERSOAL

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, por remisión expresa á DA6ª.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 8ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 9.11.2023 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a DA8ª

Proponse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2023 aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), no apartado a) PRAZAS DE ACCESO LIBRE; IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), IC)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IC)1.1 COTA XERAL, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
610	Administrativo/a	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C-C1	745	Administrativo/a entrada	Xeral
593	Administrativo/a	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C-C1	1628	Administrativo/a entrada	Xeral
25	Administrativo/a	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C-C1	1687	Administrativo/a entrada	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021 e o artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDUREMTO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2023 (BOP NÚM. 298, DO 30.12.2023 E CORRECCIÓN DE ERROS NO BOP NÚM. 015 DO 18.01.2024, MODIFICADA POSTERIORMENTE POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 16.07.2024 PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA (BOP) DE LUGO NÚMERO 165 DE 17.07.2024) - APARTADO IC) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DA8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART. 217 DO RD-L 5/2023 DE 28 DE XUÑO.**

## 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, autorizada polo art. 217 do RD-L 5/2023 de 28 de xuño, incluídas na oferta de emprego público do ano 2023

- apartado I C) (BOP núm. 298, do 30.12.2023 e corrección de erros no BOP núm. 015 do 18.01.2024, modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo número 165 de 17.07.2024), cota xeral, polo sistema de concurso, acceso libre.

## 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 3

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
610	ADMINISTRATIVO/A	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C - C1	745	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Xeral
593	ADMINISTRATIVO/A	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C - C1	1628	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Xeral
25	ADMINISTRATIVO/A	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C - C1	1687	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Xeral

## 3. RETRIBUCIÓNS

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

## 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

## 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

### TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Bacharelato, Técnico/a (FP Grao Medio), FP II Grao ou equivalente.

### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 10.2.

Lugo, 22 de xullo de 2024.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2229

## Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN**

**PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR SALA, COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART 217 DO REAL DECRETO LEI 5/2023, DO 28 DE XUÑO ), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

*“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o RD-Lei 5/2023, de 28 de xuño.*

*O artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, autoriza unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade,*

*A disposición adicional oitava da Lei 20/2021 indica que “Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”.*

*O número de prazas desta taxa adicional segundo o sinalado no art. 217 do RD-Lei 5/2023 será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal ao 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desta natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.*

*A Oferta pública de emprego para o ano 2023 da Deputación de Lugo foi aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023; corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), e incorpora no apartado IC) as prazas afectadas pola Disposición Adicional 8ª da Lei 20/2021, cumprindo o sinalado no RD-Lei 5/2023 art 217 parágrafo terceiro que sinala:*

*“As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023 (...)”*

*Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación do 9.11.2023.*

*Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional oitava da Lei 20/2021 e o artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:*

*1) Garantir a libre concorrència, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*

*a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).*

*b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación destes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade (...)”.*

*2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, por remisión expresa á DA6ª.*

*3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 8ª).*

*4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 9.11.2023 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a DA8ª*

*Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no artigo 217 “Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para*

reducir a temporalidade no emprego público” do RD-Lei 5/2023, e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2023 aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrección de erros aprobada por resolución da presidencia de data 15.01.2024 (BOP de Lugo 015 do 18.01.2024), modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP de Lugo núm. 165 de 17.07.2024), no apartado a) PRAZAS DE ACCESO LIBRE; IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), IC)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IC)1.2 COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, polo sistema de concurso, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
904	Auxiliar Sala	Escala de administración especial, subescalaservizos especiais, clase cometidos especiais	C-C2	1468	Auxiliar Sala entrada	RESERVA PERSOAL CAPACIDADES DIFERENTES

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso a praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, a persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021 e o artigo 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR SALA, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2023 (BOP NÚM. 298, DO 30.12.2023 E CORRECCIÓN DE ERROS NO BOP NÚM. 015 DO 18.01.2024, MODIFICADA POSTERIORMENTE POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 16.07.2024 PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA (BOP) DE LUGO NÚMERO 165 DE 17.07.2024) - APARTADO IC) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DA8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART. 217 DO RD-L 5/2023 DE 28 DE XUÑO.**

## 1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, autorizada polo art. 217 do RD-L 5/2023 de 28 de xuño, incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 - apartado I C) (BOP núm. 298, do 30.12.2023 e corrección de erros no BOP núm. 015 do 18.01.2024, modificada posteriormente por resolución da presidencia de data 16.07.2024 publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo número 165 de 17.07.2024), cota persoas con discapacidade, polo sistema de concurso, acceso libre.

## 2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
904	AUXILIAR SALA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais	C - C2	1468	AUXILIAR SALA ENTRADA	Reserva persoas con capacidades diferentes

### 3. RETRIBUCIÓNS

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

### 4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

### 5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

#### 5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, FP Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

#### 5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4.

### 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 10.2.

Lugo, 22 de xullo de 2024.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2230

## CONCELLOS

ABADÍN

*Anuncio*

#### Aprobación Inicial Orzamento Xeral 2024

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 19 de xullo de 2024 aprobou inicialmente o Orzamento do Concello de Abadín para 2024 xunto coa plantilla de persoal e as bases de execución do devandito orzamento.

De conformidade co previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese a información pública por prazo de QUINCE (15) días hábiles a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no boletín oficial da provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións e alegacións que consideren oportunas.

Transcurrido dito prazo sin que se houberen presentado reclamacións, o orzamento considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo expreso.

Abadín, 22 de xullo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2231

## CASTROVERDE

### Anuncio

O Pleno do Concello de Castroverde, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2024 acordou aprobar inicialmente o Regulamento da canle de denuncias do Concello de Castroverde.

O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 088, de data 16 de abril de 2024, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado.

Visto que transcorreu o prazo de 15 días hábiles establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, transcríbese o texto íntegro:

### REGULAMENTO DA CANLE DE DENUNCIAS DO CONCELLO DE CASTROVERDE

#### PREÁMBULO

Ca aprobación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora das protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, incorpórase a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.

A citada Directiva regula aspectos mínimos que satisfaceren os distintos leitos de información a través dos cales unha persoa física que sexa coñecedora nun contexto laboral dunha infracción do Dereito da Unión Europea, poida dar a coñecer a existencia da mesma. En concreto, obriga a contar con canles internas de información a moitas empresas e entidades públicas porque considérase, e así tamén se recolleu en informes e estatísticas recadados durante a elaboración do texto europeo, que é preferible que a información sobre prácticas irregulares coñézase pola propia organización para corrixilas ou reparar o antes posible os danos.

Ademais de tales canles internas, existe a Directiva a determinación doutras canles de formación, denominadas “externas” co fin de ofrecer aos cidadáns unha comunicación cunha autoridade pública especializada, o que lle pode xerar máis confianza ao disipar o seu temor para sufrir algunha represalia na súa contorna. A directiva europea 2019/1937, Directiva “Whistleblower” relativa á protección das persoas que informan sobre infraccións ao dereito da Unión, establece a obrigatoriedade de que as entidades xurídicas dos sectores públicos e privados, con máis de 50 empregados contén cunha canle de denuncias interno, plenamente implementado no seo das súas organizacións.

A directiva europea 2019/1937 relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, establece a obrigatoriedade de que as entidades xurídicas dos sectores públicos e privados, con máis de 50 empregados, contén cunha canle de denuncias internas, plenamente implementado no seo das súas organizacións.

Neste sentido, a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, obriga a todas as entidades locais a crear un sistema interno de información para recibir as denuncias, xestionalas, designar un órgano responsable do mencionado sistema interno, así como a establecer un procedemento para xestionar as informacións recibidas.

Entre as condicións e requisitos que debe reunir o sistema interno de información, e por tanto, para a implantación do mesmo, é preciso contar cun procedemento de xestión das informacións recibidas, procedemento que ha de ser aprobado polo órgano de administración ou de goberno de cada entidade ou organismo obrigado pola lei (art 9.º1 L 2/2023). Á devandita finalidade responde o presente Regulamento polo que se regula o Sistema Interno de Información e, como elemento integrante do mesmo, a Canle de Denuncias do Concello de Castroverde,

#### • **OBJECTO**

O presente Regulamento ten como obxecto regular o Sistema Interno de Información e a Canle de Denuncias do Concello de Castroverde, e protexer ás persoas que, nun contexto laboral ou profesional e no ámbito de competencias municipais, informen sobre calquera accións ou omisións que poidan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea e accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves nos termos previstos no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

#### • **ÁMBITO MATERIAL DE APLICACIÓN**

Poderanse comunicar a través da Canle Interna de Denuncias:

a) Calquera accións ou omisións que podan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que:

1.º Entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da Unión Europea enumerados no anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, con independencia da cualificación que das mesmas realice o ordenamento xurídico interno;

2.º Afecten aos intereses financeiros da Unión Europea tal e como se contemplan no artigo 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE); ou

3.º Incidan no mercado interior, tal e como se contempla no artigo 26, apartado 2 do TFUE, incluídas as infraccións das normas da Unión Europea en materia de competencia e axudas outorgadas polos Estados, así como as infraccións relativas ao mercado interior en relación cos actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.

b) Accións ou omisións que podan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.

#### • **ÁMBITO PERSOAL DE APLICACIÓN**

1.- A Canle Interna de Denuncias poderá utilizarse por parte daquelas persoas que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:

- Persoal do Concello de Castroverde.
- Cargos electos.
- Persoas traballadoras por conta allea.
- Persoas traballadoras autónomas.
- Persoas accionistas ou que formen parte do órgano de administración, dirección ou supervisión dunha entidade.
- Persoal voluntario, bolseiro e traballador en prácticas.
- Persoas que traballen para contratistas, subcontratistas e provedores do Concello de Castroverde.

2.- A presente lei tamén se aplicará aos informantes que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatuaría xa finalizada, así como aqueles cuxa relación laboral non comezou, nos casos de que a información sobre infraccións fora obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.

3.- A persoa que informe ha de ter unha crenza razoable sobre a certeza da información que comunica e non formular comunicacións con mala fe ou abuso de dereito, podendo incorrer neste último caso en responsabilidade civil, penal ou administrativa.

#### • **RESPONSABLE DA CANLE DE DENUNCIAS**

De conformidade co disposto no artigo 5.1. da Lei 2/2023. de 20 de febreiro, o titular da Alcaldía é o responsable da implantación do sistema interno de información e do tratamento dos datos persoais.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 8 é preciso designar o órgano responsable da xestión do sistema ou canle de denuncias.

Noméase responsable do sistema interno de información do Concello de Castroverde á Secretaria-Interventora, responsable da xestión do sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.

O órgano responsable do sistema desenvolverá as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade, non recibirá instrución de ningún tipo no seu exercicio, e dispoñerá de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

Como responsable do sistema interno de información, estará obrigada a adoptar as medidas de protección de datos persoais previstas no título VI da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

#### • **MEDIOS PARA EFECTUAR A DENUNCIA. CANLE DE DENUNCIAS**

1.- As denuncias poderán realizarse a través da Canle de Denuncias que a entidade pon ao dispor na súa sede electrónica ubicada na seguinte dirección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

2.- A canle de denuncias admitirá tanto denuncias anónimas como denuncias que non o sexan. A identidade do/a denunciante que opte por identificarse será confidencial, así como calquera outra información da que esta se poda deducir, directa ou indirectamente, estando o persoal responsable da canle de denuncias, obrigado a mantela, aínda cando a persoa denunciada solicite coñecer a identidade do/a denunciante.

3.- A canle de denuncias permitirá á persoa denunciante consultar o estado de tramitación da denuncia, mesmo no caso de tela presentada de forma anónima.

**• MEDIDAS DE PROTECCIÓN**

6.1.- As persoas que comuniquen ou revelen infraccións a través do Canle de Denuncias terán dereito a protección, sempre que concorran as circunstancias seguintes:

a) Teñan motivos razoables para pensar que a información achegada é veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non acheguen probas concluíntes, e que a citada información entra dentro do ámbito material de aplicación; ou

b) A comunicación ou revelación realizouse conforme aos requirimentos previstos na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Quedan excluídas do dereito a protección aquelas persoas que comuniquen ou revelen:

a. Informacións contidas en comunicacións que fosen inadmitidas por algún Canal Interno de Información ou por algunha das seguintes causas:

- Cando os feitos carezan de toda verosimilitude;
- Cando os feitos non sexan constitutivos de infracción administrativa grave ou moi grave ou infracción penal;
- Cando a comunicación careza manifestamente de fundamento ou existan indicios racionais de obterse mediante a comisión dun delito. Neste último caso, alén da inadmisión, remitiranse ao Ministerio Fiscal os feitos constitutivos de delito; e
- Cando a información non conteña información nova e significativa sobre infraccións en comparanza cunha comunicación anterior respecto da cal concluíron os correspondentes procedementos, a menos que se dean novas circunstancias que xustifiquen un seguimento distinto.

b) Informacións vinculadas a reclamacións sobre conflitos interpersoais ou que afecten unicamente ao informante e ás persoas ás que se refira a comunicación ou revelación

c) Informacións que xa estean completamente dispoñibles para o público ou que sexan meros rumores.

d) Informacións que se refiran a accións ou omisións non comprendidas no ámbito de aplicacións.

6.2.- Non se tolerará a adopción de ningún tipo de represalia contra o informante que decida facer uso do Canle de Denuncias de boa fe, podéndose unicamente sancionar un uso indebido deste último consistente na interposición de comunicacións falsas, infundadas e/ou unicamente co propósito de calumniar, difamar ou prexudicar a terceiros. Para ese efecto, o Concello de Castroverde resérvase o dereito de adoptar as medidas apropiadas contra calquera persoa que adopte actos de represalia contra un/unha informante.

Entenderanse por represalias, a modo exemplificativo:

a) Suspensión do contrato de traballo, despedimento ou extinción da relación laboral ou estatutaria, incluíndo a non renovación ou o remate anticipado dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba, ou remate anticipado ou anulación de contratos de bens ou servizos, imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos e calquera outra modificación substancial das condicións de traballo e a non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, no caso de que o traballador tivese expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido; agás que estas medidas se levasen a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.

b) Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso ou ostracismo.

c) Avaliación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.

d) Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.

e) Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.

f) Denegación de formación.

g) Discriminación ou trato desfavorable ou inxusto.

A persoa informante que considere que se tomou algún tipo de represalia na súa contra como consecuencia de formular unha denuncia, deberá poñelo en coñecemento do Responsable, que analizará o caso e resolverá se é necesario adoptar medidas adecuadas para corrixir a situación.

A prohibición de represalias non obstará á aplicación de medidas disciplinarias en caso de constatare que se formulou unha comunicación manifestamente falsa e para prexudicar a un terceiro.



## • PROCEDIMIENTO DE XESTIÓN DE INFORMACIÓNS

### 1. Iniciación

1.-O procedemento de xestión de denuncias se inicia coa recepción da denuncia e finaliza coa resolución da denuncia e a aplicación das medidas que resulten pertinentes en cada caso.

2.- As denuncias deberán presentarse a través da Canle de Denuncias ubicado na sede electrónica do Concello de Castroverde, na seguinte dirección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

3.- Sempre que resulte posible, a comunicación ou denuncia deberá conter a seguinte información

a. No seu caso, identificación do informante ou denunciante: nome, apelidos e medio de contacto xa sexa a través do correo electrónico ou teléfono.

Non obstante, as denuncias poderán ser realizadas de maneira anónima, se ben isto implica que o nivel de detalle das comunicacións realizadas debe ser o suficientemente exhaustivo para a súa admisión a trámite. En todo caso, o responsable da Canle de Denuncias deberá garantir que a identidade do/a denunciante, no caso de que este se identifique, será tratada coa máxima confidencialidade.

b. Identidade do/a denunciado/a: en caso de coñecer a identidade, nome e apelidos, ou outros datos dos que se dispoña que permitan identificar de forma clara e unívoca á persoa sobre a que se queira comunicar información, así como os demais datos que se consideren relevantes tales como centro de trabalo, área funcional, posto de traballo que desempeña,...

c. Motivación da denuncia: descrición detallada dos feitos acontecidos e a forma na que o informante tivo o seu coñecemento; data e lugar no que aconteceu o feito; ..

d. Nomes doutras persoas que poidan informar sobre o feitos obxecto da comunicación; e

e. Referencia a calquera documento que poida confirmar que ocorreron os feitos comunicados

### 2. Recepción e avaliación

No momento de recibir unha comunicación, procederase a enviar ao informante o xustificante de recepción da mesma nun prazo máximo de 7 días naturais seguintes á súa recepción, salvo que iso poida poñer en perigo a confidencialidade da comunicación.

Posteriormente, o Responsable da Canle de Denuncias, realizará un exame preliminar para verificar a entidade, suficiencia e verosimilitude dos feitos comunicados, determinando a admisión ou inadmisión da mesma.

No caso de que a comunicación afectase persoalmente ao Responsable da Canle de Denuncias e o sitúa nunha situación de conflito de intereses, este absterase de participar no proceso de xestión da comunicación. En consecuencia, darase traslado da denuncia á Autoridade Independente de protección do denunciante para tratar o caso.

Se se detectase que a comunicación contén defectos formais ou materiais, outorgarase ao informante un prazo de 10 días hábiles para emendar o defecto en cuestión. Doutra banda, se o Responsable considerase que a información comunicada é insuficiente, solicitará ao informante que, no citado prazo de tempo, proceda á súa ampliación, detallando os aspectos concretos que deban ser ampliados.

Realizado o exame preliminar da comunicación, mediante o levantamento de acta motivada, o Responsable:

• admitirá a comunicación:

Só se admitirán a trámite aquelas denuncias que expoñan de forma clara e evidente feitos e condutas constitutivas de infracción incluída no ámbito material de aplicación da lei 2/2023.

b) inadmitirá a comunicación e procederá ao seu arquivo inmediato cando:

• o/a informante non se atope dentro do ámbito subxectivo de aplicación.

• os feitos relatados non sexan constitutivos de “infracción” susceptible de ser comunicada a través da Canle Interno de Denuncias;

• superado o prazo concedido, o informante non observase os requirimentos do Responsable ou ampliación do contido da comunicación;

• os feitos comunicados xa estean a ser investigados; ou

• a comunicación é considerada non pertinente ou improcedente.

### 3. Investigación interna e resolución

Atendendo ao resultado do exame preliminar, o/a Responsable do Canle de Denuncias determinará se é necesario incoar un procedemento de investigación interna ou se, polo contrario, a resolución da comunicación non require a súa adopción.

En caso de realizar unha investigación interna, esta integrará cantas dilixencias considérense necesarias para o esclarecemento dos feitos comunicados e a identificación dos responsables, manténdose a formalidade de dar trámite de audiencia ás partes implicadas e sempre respectando os seus dereitos fundamentais.

A presente fase integrará, pero non se limitará, a realizar entrevistas coas persoas implicadas, solicitar probas documentais e/o videográficas, verificación de rexistros públicos, entre outros. En todo caso, informarase á persoa afectada das accións ou omisións que se lle atribúen, e terá dereito a ser oída no proceso de investigación, deixándose en acta as achegas que realice.

A resolución da comunicación realizarase nun prazo de tempo razoable, que non poderá ser superior a tres (3) meses desde o xustificante de recepción, ampliable a seis (6) meses ao tratarse dun caso de especial dificultade.

A resolución realizada polo Responsable do Canle de Denuncias farase chegar tanto á parte informante como á parte afectada.

Se se detectase que os feitos comunicados poden ser constitutivos dunha infracción cometida por empregado/a público/a, ordearase a apertura do correspondente expediente disciplinario.

En caso de considerarse que o feitos obxecto de investigación poden ser constitutivos de infracción penal, remitirase a información ao Ministerio Fiscal con carácter inmediato. Así mesmo, no caso de que os feitos afecten aos intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

As decisións adoptadas con respecto á admisión, tramitación e resolución das informacións ou denuncias formuladas a través do canle de Denuncias, non serán recorribles en vía administrativa nin en vía contenciosa administrativa, sen prexuízo do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que puidera interpoñerse fronte a eventual resolución que poña fin ao procedemento administrativo que puidera incoarse con ocasión dos feitos relatados.

- **PROTECCIÓN PARA AS PERSOAS ADECTADAS.**

Durante a tramitación do expediente as persoas afectadas pola comunicación terán dereito á presunción de inocencia, ao dereito de acceso ao expediente nos termos regulados na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, así como a mesma protección establecida para os informantes, preservándose a súa identidade e garantíndose a confidencialidade dos feitos e datos do procedemento.

- **CANAL EXTERNO DE INFORMACIÓN.**

Calquera persoa poderá informar ante a Autoridade Independente de Protección do Informante (en diante, A.A.I.), ou ante as autoridades ou órganos autonómicos correspondentes, da comisión de calquera acción ou omisión incluídas no apartado segundo do presente documento.

- **CONFIDENCIALIDADE**

1.- Calquera persoa que presente unha comunicación ou leve a cabo unha revelación pública ten dereito a salvagardar a súa identidade.

2.- En caso de revelarse a identidade do informante, a mesma soamente poderase comunicar á Autoridade Xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, comunicarase ao informante que se revelará a súa identidade con carácter previo á súa revelación, agás que dita información puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial.

3.- O incumprimento desta medida pode supoñer unha infracción moi grave.

- **REXISTRO DE INFORMACIÓNS**

O Concello de Castroverde dispoñerá dun libro-rexistro das informacións recibidas e das investigacións internas a que deran lugar, garantindo, en todo caso, os requisitos de confidencialidade previstos na lei 2/2023 de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Este rexistro non será público e unicamente, a petición razoada da autoridade xudicial competente, mediante auto, e no marco dun procedemento xudicial e baixo a tutela daquela, poderá accederse total ou parcialmente ao contido do referido rexistro.

Os datos persoais relativos ás informacións recibidas e ás investigacións internas só se conservarán durante o período que sexa necesario e proporcionado a efectos de cumprir coa lei. En particular, se terán en conta o previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 32 da lei 2/2023. En ningún caso, poderanse conservarse os datos por un período superior a dez anos.

- **TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.**

1.- Os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación da lei 2/2023 rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, na lei orgánica

7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevencións, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais e no título VI da Lei 2/2023.

Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, si se recompilan por accidente, se eliminarán sen dilación indebida.

2.- O Sistema Interno de Información debe impedir o acceso non autorizado e preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceiro que se mencione na información fornecida especialmente a identidade do informante no caso de que se identificara.

3.- A identidade do informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora, e estes casos estarán suxeitos a salvagardas establecidas na normativa aplicable.

4.- Se a información recibida contivese datos persoais suxeitos a protección especial, procederáse á súa inmediata supresión salvo que o tratamento sexa necesario por razóns de interese público esencial conforme no artigo 9.2 g) do regulamento (UE) 2016/679, segundo dispón o artigo 30.5 da lei 2/2023.

5.- As comunicacións ás que non se deu curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obriga de bloqueo prevista no artigo 32 da lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

#### DISPOSICIÓN FINAL

1.- O establecido neste regulamento enténdese sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas ás demais Administracións Públicas que teñan competencia sobre a materia.

2.- O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e permanecerá vixente ata que non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, poderase interpoñer recursos contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contenciosa administrativa.

Castroverde, 10 de xullo de 2024.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2214

---

#### Anuncio

#### INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DA CONTA XERAL 2024 DO CONCELLO DE CASTROVERDE

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral correspondente ao exercicio 2023, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Castroverde, 22 de xullo de 2024.- O Alcalde, Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández.

R. 2215

---

#### LUGO

#### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2024, adoptou, entre outros o acordo 8/337 RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROCESO POR LIBRE DESIGNACIÓN DA XEFATURA DO SERVIZO DE ARQUITECTURA, EN EXECUCIÓN DA SENTENZA 00238/2024 DITADA POLO T.S.X. GALICIA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC.1-A CORUÑA-DE 10 DE ABRIL DE 2024 EN RELACIÓN COA DEMANDA PRESENTADA POR DONA PATRICIA VÁZQUEZ MILLE, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear Xefa do Servizo de Arquitectura a dona Patricia Vázquez Mille.

SEGUNDO.- O prazo para tomar posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do/a funcionario/a, ou de un mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución da adxudicación do posto por libre designación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde dita publicación.

TERCEIRO.- Notificarlles esta resolución á interesada e dependencias municipais afectadas.

CUARTO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo”.

Lugo, 22 de xullo de 2024.- O Tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Miguel Fernández Méndez.

R. 2216

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XUÑO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 15.07.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de XUÑO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 14.08.2024 ao 14.10.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de xullo de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2217

---

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas XUÑO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 15.07.2024 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de xuño 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións

poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 23.07.2024 ata o 23.09.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 18 de xullo de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2218

## OUTEIRO DE REI

### Anuncio

Por Decreto de alcaldía de 10 de xullo de 2024 aprobáronse as seguintes bases de proceso selectivo para selección dun funcionario interino/a do Grupo C, Subgrupo C2, Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativo, por procedemento de concurso-oposición e formación dunha Bolsa de interinos no Concello de Outeiro de Rei

O prazo de presentación de instancia está recollido nas presentes bases.

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DE PROCESO SELECTIVO PARA PARA A SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO- OPOSICIÓN E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE INTERINOS.**

EXPEDIENTE 782/2024

O posto 03.6 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Outeiro de Rei está vacante por nova creación.

Trátase dun posto de traballo de funcionario de carreira do Grupo C, Subescala Auxiliar Administrativo da Escala de Administración Xeral do Organigrama do Concello de Outeiro de Rei.

É necesaria a súa cobertura interina ata que se cubra definitivamente cun máximo de 3 anos.

Por este motivo decídese a formación destas bases e posterior Bolsa, no seu caso, para cubrir posibles interinidades derivadas de calquera das situacións que contempla a Lei do Emprego Público de Galicia 2/2015 no seu artigo 23, apartado 2

Con base no anterior RESOLVO:

1º.- Aprobar as Bases da convocatoria (que se relacionan a continuación) de proceso selectivo de dun funcionario/a interino/a de Administración Xeral, grupo C, subgrupo C2, subescala Auxiliar Administrativo, polo procedemento de concurso-oposición libre

2º.- Que se publiquen as bases aprobadas no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei, no Taboleiro de anuncios e na páxina web con presentación de instancias de forma urxente por período de 10 días hábiles

Outeiro de Rei, 19 de xullo de 2024.- O Presidente, D. José Pardo Lombao. A Secretraria. Dou fe, Cristina Castro Fuentes.

As bases se copian como Anexo:

**BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO- OPOSICIÓN E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE INTERINOS.**

**1º.- Obxecto da convocatoria:**

É obxecto das presentes bases a selección dun funcionario/a interino/a de Administración Xeral, grupo C, subgrupo C2, subescala Auxiliar Administrativo, polo procedemento de concurso-oposición libre debido a praza de nova creación. O posto a cubrir interinamente se corresponde co número 03.6 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Outeiro de Rei.

É obxecto igualmente deste proceso, a formación dunha Bolsa de funcionarios/as interinos/as para a cobertura de todas as situacións previstas na lexislación como son as previstas no artigo 23.2 apartados a), b), c) e d) da Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril.

A duración da interinidade estenderase ata a cobertura definitiva da praza, logo da correspondente OEP, cun máximo en todo caso de 3 anos dende o nomeamento da interinidade

## 2º.- Tipo e duración da provisión:

O/A funcionario/a interino/a será nomeado/a unha vez remate o proceso de selección para a cobertura interina de dita praza. Co resto dos aspirantes farase a Bolsa de interinos/as, que será debidamente publicada e o seu funcionamento establécese con arranxo ás normas que mais adiante se citan

## 3º.- Sistema selectivo:

Segundo o artigo 10.2 do TREBEP a selección deste funcionario/a interino/a realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A selección do candidato/a máis idóneo/a realizarase a través do procedemento de selección de concurso-oposición libre, realizándose a fase de oposición consonte co sinalado no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ó servizo da comunidade autónoma de Galicia e demais lexislación concordante e de aplicación.

## 4º.- Requisitos dos aspirantes:

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación das solicitudes:

1.- **Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados**, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP.

2.- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta, que deberán acreditarse mediante a presentación de **certificado médico ou informe médico** (poderá ser presentado co resto da documentación no momento de presentación de instancia ou ao remate do proceso).

3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa (requisito que deberá acreditarse coa presentación de **copia do Documento Nacional de Identidade**).

4.- **Declaración de non haber sido separado**, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, **nin atoparse en inhabilitación** para o exercicio da función pública por sentenza firme.

5.- **Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidades** de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6.- O requisito mínimo do auxiliar administrativo, será ter o título de graduado/a na ESO ou equivalente. (artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público en Galicia). Dito requisito deberá acreditarse mediante a presentación da copia do título.

7.- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o **coñecemento da lingua galega** conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado **Celga 3 ou equivalente**. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e será nulo o nomeamento como funcionario a quen estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

## 5º.- Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes:

As instancias, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no modelo ANEXO II, dirixíranse ao sr. Alcalde do Concello de Outeiro de Rei e se presentaran no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, no prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo. As bases serán expostas no taboleiro municipal e serán publicadas na sede electrónica.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así

como a través da Sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei (sede.outeiroderei.org). No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte correo: correo@concellodeouteiroderei.org, coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

\* A Fotocopia do DNI.

\* A Fotocopia do título mínimo requirido.

\* O Celga 3 ou equivalente (de ser o caso).

\* O Informe médico (poderá presentarse no prazo de presentación de instancias, ou en todo caso, no momento previo ao nomeamento como funcionario interino)

\* OS méritos alegados conforme as bases, para a fase de concurso, que deben cumprirse a data de presentación de instancias.

As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida (mediante a presentación do certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou o equivalente), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o sr. Alcalde, mediante resolución aprobará unha lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días naturais para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Tribunal de selección.

#### **6º.- Tribunal cualificador:**

1.- O tribunal cualificador será designado por Resolución da Alcaldía no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local).

2.- Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

4.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

5.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

6.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

7.- Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

8.- O tribunal non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario/a interino/a de máis dun aspirante. Non obstante, na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse a lista de reservas entre os/as aspirantes que aprobaron a oposición por orde de maior a menor puntuación, para formar unha bolsa de interinaxe tal e como establece o artigo 23.2 a), b), c) e d) da lei de emprego Público de Galicia 2/2016 e igualmente baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas

9.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á ditar a Resolución correspondente que acordará o nomeamento como funcionario/a interino e a aprobar a Bolsa de interinos/as Administrativos de Administración Xeral ( Grupo C, Subgrupo C2).

### 7º.- Comezo e desenvolvemento da fase de concurso- oposición libre:

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición libre.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de celebración dos seguintes exercicios no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición dos aspirantes que a superen. A oposición debe de ser superada para poder sumar a puntuación do concurso. O Tribunal publicará o nome dos/as aspirantes aprobados/as coa súa puntuación, realizando a proposta de nomeamento aos aspirante que acade a maior puntuación.

7.1.A oposición constará de tres exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que serán os seguintes:

1º. Exercicio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 90 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,33 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,165 puntos. A pregunta non contestada non resta. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante quen non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

2º exercicio.- Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de 2 horas pregunta/s plantexadas polo tribunal relacionadas co programa da convocatoria (Anexo I) e as funcións propias sinaladas na base 1ª. O exercicio se relacionará cun suposto/s práctico/s que deberán resolver ou desenvolver como exemplo do aspecto teórico. Neste exercicio avaliarase a formación xeral e académica, a claridade, a orde das ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante quen non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos básico para acadar a puntuación mínima.

3º. Exercicio. Coñecemento do galego. Consistirá na tradución sen diccionario dun fragmento dun texto legal en castelán proposto polo tribunal nun tempo máximo de trinta minutos. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

A puntuación definitiva obtida na fase de oposición estará determinada pola suma das puntuacións obtidas nos 3 exercicios da fase de oposición.

### 7.2 FASE DE CONCURSO

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso as persoas aspirantes que superasen a fase de oposición. Esta fase non terá carácter eliminatorio nin poderá ser tida en conta para superar as probas da fase de oposición e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos alegados polas persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional: os servizos prestados en calquera Administración Pública valoraranse a razón de 0,05 puntos por mes. ata un máximo de 7 puntos

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado expedido polo órgano correspondente. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento con indicación da praza, corpo, escala, subescala ou clase de adscrición. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondentes a esa categoría.

b) Formación: valorarase a realización de cursos de formación expedidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de



Administración Pública (INAP), escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, universidades públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes

das administracións públicas, colexios profesionais, sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap) acreditados oficialmente, relacionados coa praza obxecto desta convocatoria e coas materias incluídas no temario anexo. Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración.

Non serán valorados os cursos de informática realizados con anterioridade ao ano 2000.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación de copia do correspondente diploma ou título.

No suposto de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Baremo:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,03 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,02 puntos por hora.

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

c) Curso de linguaxe administrativa galega:

- Linguaxe administrativa galega nivel superior: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa galega nivel medio: 0,5 puntos.

No caso de acreditar as dúas titulación, só se valorará o nivel máis alto de formación.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

#### **8º.- Formación e funcionamento da lista de reservas:**

Na acta da última sesión do tribunal de selección concretarase a lista de reservas entre os/as aspirantes que aprobaron a oposición por orde de maior a menor puntuación para a formación da Bolsa de interinos/as con aqueles que non resulten o aspirante seleccionada para a praza vacante.

O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á ditar a Resolución correspondente. Con respecto ao funcionamento da Bolsa de interinos/as establécense as seguinte normas:

- Terá vixencia mentres non se aprobe unha nova Bolsa de interinos/as logo do correspondente proceso de selección. O prazo máximo da Bolsa será de cinco anos, aínda que por causa xustificada poderá prorrogarse.
- As persoas integrantes da lista de reserva ou Bolsa non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados para unha cobertura, rematada esta, retornarán ao posto que lle correspondía na lista.
- O chamamento farase polo medio mais urxente que permita ter constancia da súa recepción, previamente e cando exista a constancia firme da necesidade de cobertura do posto de traballo (parte de baixa, solicitude de vacacións...), ou necesidade de cobertura interina, emitirase un informe de existencia de crédito do servizo de intervención municipal e resolución de alcaldía acordando o nomeamento do candidato/a que se atope no primeiro lugar da lista.
- Unha vez feito o chamamento o aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese prazo unha declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como fotocopia da cartilla de S.S., certificado de nº de conta bancaria (IBAN), e informe médico.
- O nomeamento do interino/a será competencia do alcalde.
- En caso de renunciar ou non contestar ao chamamento no prazo de dous días hábiles se procederá a contactar do mesmo xeito co seguinte da lista de reserva.
- En calquera momento os aspirantes poderán pedir a exclusión da bolsa/lista de emprego.
- O efectivo funcionamento da bolsa estará supeditado á normativa vixente en cada momento.
- Nun primeiro momento a Bolsa quedará integrada tan so con aqueles aspirantes que logo do nomeamento daquel de maior puntuación como funcionario de carreira, teñan aprobada a oposición. Agora ben, de ser

necesario por esgotamente da Bolsa, poderá acudirse por orde de puntuación ao chamamento de aqueles aspirantes que aprobaron unicamente o primeiro exercicio. En todo caso esta circunstancia será debidamente motivada e suporá a modificación da Bolsa de interinos/as para a incorporación destes aspirantes.

#### **9º.- Dereito supletorio:**

No non previsto nestas bases se acudirá ao disposto no sinalado no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ó servizo da comunidade autónoma de Galicia e demais lexislación concordante e de aplicación.

#### **10º.- Norma final:**

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **ANEXO I. PROGRAMA.**

Tema 1.- A Constitución Española de 1.978: estrutura e contido.

Tema 2 .- A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas: sistema de distribución de competencias. A Administración Local na Constitución.

Tema 3.- Os Estatutos de Autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia: características e contido.

Tema 4.- Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As relacións interadministrativas.

Tema 5.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: obxecto e ámbito subxectivo de aplicación. Os interesados no procedemento administrativo: capacidade de obrar, concepto de interesado e representación. Rexistros electrónicos de apoderamentos. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo.

Tema 6.- A actividade das Administracións Públicas na Lei 39/2015: normas xerais de actuación, termos e prazos.

Tema 7.- O acto administrativo: requisitos e eficacia. A nulidade e anulabilidade do acto administrativo, límites a súa extensión, conversión, conservación e convalidación de actos e trámites.

Tema 8.- O procedemento administrativo común: garantías, iniciación, ordenación, instrución e finalización.

Tema 9.- A executoriedade dos actos administrativos. A execución forzosa. Medios de execución forzosa.

Tema 10.- A revisión dos actos en vía administrativa. A revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais, clases e regulación.

Tema 11.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e bo goberno: obxecto e ámbito subxectivo de aplicación. A publicidade activa. O dereito de acceso á información pública. Réxime de impugnacións. O Consello de transparencia e bo goberno.

Tema 12.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Disposicións xerais. O municipio: territorio, poboación, organización e competencias. A provincia: organización e competencias.

Tema 13.- Funcionamento dos órganos colexiados locais: convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos. As Ordenanzas e Regulamentos das entidades locais: clases, procedemento de elaboración e aprobación. Ordenanzas e Regulamentos do concello da Laracha.

Tema 14.- Os contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Os contratos menores. Remisión de información a efectos estatísticos e de fiscalización. Órganos de contratación nas Entidades Locais. O perfil de contratante. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Os Rexistros oficiais de licitadores de empresas clasificadas. O Rexistro de Contratos do Sector Público. A Plataforma de contratación do Sector Público.

Tema 15.- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira

Tema16.- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Tema17.- O orzamento das entidades locais. Elaboración e aprobación. Principios orzamentarios

Tema 18.- A estrutura Orzamentaria: a clasificación económica de gastos e ingresos. Os créditos do Orzamento de Gastos: Delimitación, situación e niveles de vinculación xurídica.

Tema 19.- As facendas locais: Recursos. impostos, taxas e contribucións especiais. Outros ingresos. Ordenanzas fiscais do concello de Outeiro de Rei.

Tema 20.- Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se regulan as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, modificada pola Orden 2082/2014, do 7 de novembro.

Tema 21.- A actividade subvencional das Entidades Locais: Regulación. Procedementos de concesión de subvencións. Beneficiarios de subvencións. Xustificación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións.

**ANEXO II**  
**MODELO SOLICITUDE**

CONCELLO DE OUTEIRO DE REI
----------------------------

REXISTRO:
-----------

**ANEXO I**

*SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA UN FUNCIONARIO INTERINO/A AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL E FORMACIÓN DE BOLSA DE INTERINOS*

<b>Denominación</b>			
Tipo de persoal	Funcionario de carreira <input type="checkbox"/> Funcionario interino <input checked="" type="checkbox"/> Persoal laboral fixo <input type="checkbox"/> Persoal laboral temporal <input type="checkbox"/>		
Quenda á que opta	Libre <input checked="" type="checkbox"/>	Promoción interna <input type="checkbox"/>	Discapitados <input type="checkbox"/>
No caso de quenda de discapitados, indique se necesita adaptación especial para a realización das probas e de que tipo:			

*Datos persoais*

<i>Primeiro apelido</i>		<i>Segundo apelido</i>		<i>Nome</i>	
<i>Data nacemento</i>	<i>D.N.I.</i>		<i>Nacionalidade</i>		<i>Teléfono/s</i>
<i>Domicilio</i>			<i>Municipio</i>		<i>Código Postal</i>

- **Declaro responsablemente non haber sido separado**, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, **nin atoparme inhabilitado** para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- **Declaro responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade** de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**Solicito**

*Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a selección dun funcionario/a interino/a Escala Administración Xeral, Subescala auxiliar Administrativo e formación de Bolsa de interinos/as e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reúno as condicións esixidas na convocatoria, referidos á data na que finaliza o prazo de presentación de instancias.*

*Presento a seguinte documentación para ser admitido e para valoración (no seu caso) no concurso de méritos:*

- 1. ....  
.....
- 2. ....  
.....
- 3. ....  
.....
- 4. ....  
.....

*En Outeiro de Rei, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_*

*Sinatura do interesado*

*Sr. Alcalde do Concello de Outeiro de Rei*

R. 2219

---

**RIBADEO***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL.****Modificación orzamentaria 25/2024, mediante Suplemento de crédito 05/2024**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 16/07/2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 05/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito por importe de **15.000,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 17 de xullo de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2220

---

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL.****Modificación orzamentaria 30/2024, TRANSFERENCIA DE GASTOS ENTRE DISTINTAS AREAS**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 18/07/2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 30/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito por importe de **85.000,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 22 de xullo de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2221

---

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL.****Modificación orzamentaria 31/2024, TRANSFERENCIA DE GASTOS ENTRE DISTINTAS AREAS**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 18/07/2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 31/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito por importe de **50.000,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 22 de xullo de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2222

### Anuncio

**Expediente núm. 4791/2023**

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA .-**

De conformidade co disposto nas Bases para provisión dun posto de traballo de **chófer de tractor-rozadora** de carácter interino para desenvolvemento dun programa de 3 anos +1 de ñiposible prórroga para levar a cabo os traballos de roza previstos, e unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, durante o prazo establecido.

Esta Alcadía no uso das atribucións que lle confir o art. 21 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local e demais normativa de aplicación,

#### **RESOLVE:**

1º.Prestar aprobación á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos que de seguido se relacionan:

#### **ADMITIDOS**

##### **Apelidos e nome**

##### **Observacións**

Martínez Pérez, Juan José	Aporta CELGA
González Fernández, Severino Diego	Aporta CELGA

#### **EXCLUIDOS**

#### **NINGUN**

2º. Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo e ao taboleiro de anuncios do Concello e web municipal para que durante o prazo de dez días se formulen as alegacións ou correccións de erros que no seu caso procedan.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ. O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

Ribadeo, 22 de xullo de 2024.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2232

### Anuncio

**Secretaría Xeral.02 / Expediente núm. 2348/2024**

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

Visto expediente tramitado para selección de persoal laboral temporal de dous postos de Oficial de 2ª albanel.

Vistas as solicitudes formuladas para participación nas probas selectivas, durante o prazo regulamentario establecido ao efecto.

#### **RESOLVO:**

1º. Prestar aprobación á seguinte lista de **admitidos e excluídos** ao proceso selectivo de referencia.

#### **ADMITIDOS**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Acreditación idioma Galego</b>
Barcia García, David	Non acredita (procede exame)

Castelao Díaz, José Miguel	Non acredita (procede exame)
Sanmartín Lastra, José María	Non acredita (procede exame)

**EXCLUÍDOS****Ningún**

2º.- Outorgar prazo para reclamacións ou alegacións para subsanacións por termo de **10 días hábiles** de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro e bases específicas para este proceso selectivo, a partir do día seguinte ao de publicación no BOP de Lugo.

**De non se presentar a listaxe quedará elevada a definitiva.**

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario en funcións dou fe.

O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ. O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

Ribadeo, 22 de xullo de 2024.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2233

**RIOTORTO***Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xullo de 2024, acordou aprobar o "Proxecto básico da residencia de maiores en Riotorto".

Así mesmo, acordouse expoñer ao público o citado proxecto polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 22 de xullo de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2223